



**D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS, SECRETARIO ACCIDENTAL DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E TABELIRÓS-TERRA DE MONTES (Pontevedra).**-----

**CERTIFICO:**

Que, segundo consta en acta e a salvo dos termos de aprobación definitiva do mesmo, artigo 206 do ROF, na sesión do Pleno Extraordinario do Consorcio para o Servizo Contraincendios e Salvamento das comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, do día 13 de outubro de 2022, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**2.- EXPEDIENTE DOS ORZAMENTOS XERAIS DESTE CONSORCIO PARA O EXERCICIO 2023.-**

O Sr. Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, deu conta aos membros do Pleno deste expediente.

O Sr. Interventor accidental **D. Daniel Rodríguez Espiño** explicou brevemente os Estado de Gastos e de Ingresos do documento, xunto cos cambios introducidos en relación co exercicio anterior e as previsións recollidas no mesmo.

Tras deliberación e posta a votación ordinaria a proposta do Sr. Presidente, tivo lugar o seguinte resultado:

Tras deliberación dos asistentes, por **UNANIMIDADE (cinco membros do número legal e de feito)** dos asistentes mediante votación ordinaria a man alzada, aprobouse a proposta inicial da Presidencia, acordouse:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente dos orzamentos Xerais deste Consorcio para o exercicio 2023, xunto cos documentos que forman parte do mesmo, e que presenta que ascende tanto no Estado de ingresos coma no Estado de gastos ao importe de un millón cento corenta e sete mil seiscientos catorce euros (1.147.614 €).

**SEGUNDO.-** Remitir o presente acordo e o expediente á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación do mesmo, con exposición ao publico, inserción no BOP e demais trámites preceptivos conforme á normativa vixente.

E, para que conste e surta todos os efectos legais oportunos, expido o presente en Silleda a día trece de outubro de dos mil vinte e dous.

De orde e visto e praxe O Presidente

Asdo.: José Crespo Iglesias  
digitalmente por  
33841334P 33841334P JOSE  
JOSE CRESPO CRESPO (R:  
(R: V36291334) V36291334)  
Fecha: 2022.10.13  
18:36:41 +02'00'



O Secretario Xeral

Asdo.: César López Arribas

